

MINISTERIO DE TRABALLO E ASUNTOS SOCIAIS

19349 *RESOLUCIÓN do 2 de novembro de 2006, da Dirección Xeral de Traballo, pola que se publica a relación de festas laborais para o ano 2007.* («BOE» 267, do 8-11-2006.)

Vista a relación de festas laborais para o ano 2007 remitidas polas dezaseis comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

E tendo en consideración os seguintes

Antecedentes de feito

Primeiro.–De conformidade co establecido no artigo 45.5 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, segundo a redacción dada a este polo Real decreto 1346/1989, do 2 de novembro, as dezaseis comunidades autónomas e as cidades autónomas de Ceuta e Melilla remitíronlle ao Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais a relación de festas laborais para o ano 2007.

Segundo.–A remisión das festas laborais a que se fixo referencia ten por obxecto o da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, conforme o disposto no artigo 45.4 do Real decreto 2001/1983.

Aos anteriores feitos son de aplicación os seguintes

Fundamentos de derecho

Primeiro.–Cando o artigo 45 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, enumera as festas de ámbito nacional, de carácter retribuído e non recuperable, distingue entre as sinaladas nas alíneas a), b) e c) que teñen o carácter de nacional non substituíbles polas comunidades autónomas e aquellas, as recollidas na alínea d), respecto das cales as comunidades autónomas poden optar entre cele-

brar no seu territorio estas festas ou substituílas por outras que por tradición lles sexan propias.

Segundo.–Entre as facultades recoñecidas a favor das comunidades autónomas no artigo 45.3 do Real decreto 2001/1983, encóntrase tamén a posibilidade de substituir o descanso do luns das festas nacionais que coinciden en domingo pola incorporación á relación de festas da comunidade autónoma doutras que lles sexan tradicionais, así como a opción entre a celebración da Festa de San Xosé ou a de Santiago Apóstolo no seu correspondente territorio.

Así mesmo, o punto 2 do artigo 37 do Estatuto dos traballadores, Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, faculta no seu último parágrafo aquelas comunidades autónomas que non puidesen establecer unha das súas festas tradicionais por non coincidir con domingo un suficiente número de festas nacionais a engadir, no ano que así ocorra, unha festa máis, con carácter de recuperable, ao máximo de catorce.

Terceiro.–A Dirección Xeral de Traballo é competente para dispor a publicación no Boletín Oficial del Estado da relación de festas comunicadas, en consecuencia co previsto no xa mencionado artigo 45.4 do Real decreto 2001/1983, e no Real decreto 1600/2004, do 2 de xullo, co fin de lle dar cumprimento á finalidade de facilitar o xeral coñecemento en todo o territorio nacional do conxunto das festas laborais, de tal forma que, xunto coa publicación das festas das comunidades autónomas e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, se transcriban tamén as festas laborais de ámbito nacional de carácter permanente que figuran no mencionado precepto.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación,

Esta Dirección Xeral de Traballo dispón a publicación no Boletín Oficial del Estado da relación de festas de ámbito nacional, de comunidade autónoma e das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, que figuran como anexo a esta resolución.

Madrid, 2 de novembro de 2006.–O director xeral de Traballo, Riesco Roche.

ANO 2007
ANEXO

CONTINUACIÓN:

| <u>COMUNIDADES AUTONÓMAS</u> | <u>ANDALUCÍA</u> | <u>ARAGÓN</u> | <u>ASTURIAS</u> | <u>ILLES BALEARES</u> | <u>CANARIAS</u> | <u>CANTABRIA</u> | <u>CASTILLA Y LEÓN</u> | <u>CASTILLA-MANCHA</u> | <u>CATALUÑA</u> | <u>COMUNITAT VALENCIANA</u> | <u>EXTREMADURA</u> | <u>GALICIA</u> | <u>MADRID</u> | <u>MURCIA</u> | <u>PAÍS VASCO</u> | <u>LA RIOJA</u> | <u>NAVARRA</u> | <u>PACIFICO</u> | <u>CIUDAD DE CEUTA</u> | <u>CIUDAD DE MELILLA</u> |
|--|------------------|---------------|-----------------|-----------------------|-----------------|------------------|------------------------|------------------------|-----------------|-----------------------------|--------------------|----------------|---------------|---------------|-------------------|-----------------|----------------|-----------------|------------------------|--------------------------|
| <u>DATA DAS FESTAS</u> | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| <u>OUTUBRO</u> | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 9 Día da Comunitat Valenciana | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | *** | * | * | * | * | * | * | * | * | |
| 12 Festa Nacional de España. | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| <u>NOVEMBRO</u> | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 1 Todos os Santos. | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | |
| <u>DEZEMBRO</u> | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| 6 Día da Constitución Española. | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | |
| 8 A Inmaculada Concepción. | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | |
| 25 Natividade do Señor. | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | * | |
| 26 Santo Estevo. Segunda Festa de Nadal. | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |

CÓDIGOS DAS FESTAS:

- Festa nacional non substituíble. (*)
- Festa nacional respecto da cal non se exerceu a facultade de substitución. (**)
- Festa de comunidade autónoma. (***)
- Cando xunto ao código da festa aparecen as letras FR indica-se que a festa é recuperable.

- Na Comunidade Autónoma das Illes Baleares, o Acordo do Consello de Goberno do 28 de xullo de 2006, polo que se complementa o Acordo do día 16 de xuño de 2006 que aprobara o calendario de festas para o ano 2007 (BOIB do 12.08.2006) dispón que: das trece festas indicadas no punto primeiro, o día 6 de xaneiro (Epifanía do Señor) será de carácter recuperable. As outras doce serán de carácter retribuído e non recuperable.
- Na Comunidade Autónoma de Cataluña, a Orde TRI/392/2006, do 20 de xullo, pola que se establece o calendario oficial de festas laborables para o ano 2007 (DOGC do 3.08.2006) dispón que: das trece festas mencionadas, o día 6 de xaneiro (Reis) terá o carácter de recuperable. As outras doce serán de carácter retribuído e non recuperable.
- Na Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 130/2006, do 27 de xullo, pola que se determina o calendario laboral para o ano 2007 (DOG do 7.08.2006) dispón que: as festas mencionadas terán carácter retribuído e non recuperable, excepto o día 17 de maio (Día das Letras Galegas), que terá carácter recuperable.
- Na Comunidade Autónoma de Murcia declaráse para o ano 2007 como recuperable o día 6 de xaneiro (Epifanía do Señor).
- Na Comunidade Autónoma de Canarias o Decreto 126/2006, do 12 de setembro, pola que se declaran as festas propias da Comunidade Autónoma de Canarias para o ano 2007 (BOC de 14-09-2006) dispón: nas illas de El Hierro, Fuerventura, Gran Canaria, Lanzarote, La Palma e Tenerife, serán días inhábiles, para efectos laborais, de carácter retribuído e non recuperables, os seguintes: El Hierro: 24 de setembro (Nosa Señora dos Reis); Fuerventura: 15 de setembro (Nosa Señora da Peña); Gran Canaria: 8 de setembro (Nosa Señora do Pino); La Gomera: 8 de outubro (Nosa Señora das Dores); Lanzarote: 15 de setembro (Nosa Señora das Letras); Tenerife: 29 de setembro (San Miguel); La Palma: 29 de setembro (San Miguel); Tenerife: 2 de febreiro (Nosa Señora da Candelaria).
- Na Comunidade Autónoma Valenciana declaráse para o ano 2007 como festivo engadido, retribuído e recuperable o día 6 de xaneiro (Epifanía do Señor).